

ACORDO DE GOBERNO ENTRE O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA – P.S.O.E. E A RIADA DO TEA PARA O CONCELLO DE PONTEAREAS

As forzas políticas asinantes do presente acordo sendo conscientes dunha demanda dos veciños e veciñas para aparcas diferenzas e conformar un novo goberno sobre a base do que nos une e do obxectivo de cambiar o rumbo do Concello, asumimos esa responsabilidade sobre a base das seguintes

LIÑAS PROGRAMÁTICAS DE GOBERNO

A Institución Municipal é un instrumento fundamental para conquista do benestar social, creación de emprego, a mellora da calidade de vida e a salvagarda e protección do territorio e do patrimonio ambiental e cultural. Neste senso, serán liñas de actuación prioritaria as políticas de desenvolvemento de benestar social, de promoción económica e creación de emprego, de defensa do medio ambiente, de igualdade entre homes e mulleres, as políticas sociais de vivenda, de dinamización e promoción cultural así como a dotación e mellora de equipamentos educativos, sanitarios, culturais, deportivos e xuvenís.

Comprometémonos a xestionar o Concello de Ponteareas de xeito democrático, transparente e aberto á cidadanía. Impulsaremos unha acción de goberno municipal próxima aos veciños e ás veciñas e aos seus problemas.

Principios, prioridades, liñas básicas e obxectivos da acción de goberno

1. Principios transversais do Goberno de Coalición
2. Principios do Pacto de Goberno
3. Prioridades que deben ter un especial impulso do goberno.
4. Liñas básicas de actuacións e obxectivos xerais para as distintas áreas de xestión.

1. Principios transversais do Goberno de Coalición:

- Actuar sempre de acordo á legalidade. Os membros do goberno dimitirán de forma inmediata ante a apertura de xuízo penal en delitos relacionados con

corrupción, prevaricación, tráfico de influencias, enriquecemento ilícito, suborno, malversación e apropiación de fondos públicos, así como por delitos de racismo, xenofobia, violencia de xénero, homofobia, delitos ecolóxicos, contra os dereitos humanos ou as persoas traballadoras, o que suporá a devolución do seu cargo de representación pública.

- Transparencia na xestión municipal. Tanto no referente á adxudicación de contratos coma á publicación e acceso dos cidadáns ás actividades que se realizan no concello.
- Mudar hábitos clientelares por hábitos democráticos e participativos na relación da administración cos cidadáns.
- Respetar escrupulosamente os principios de publicidade, mérito, capacidade e igualdade no acceso ás actividades laborais no concello.
- Buscar sempre a optimización de recursos por medio da eficacia e da eficiencia na xestión das diferentes áreas, dadas as limitacións económicas que conleva un concello intervido polo Estado.
- Regulamentar os mecanismos de participación cidadá
- Utilización do galego como lingua vehicular do Concello nas relacións cos cidadáns.
- Defensa activa dos servizos públicos.
- As decisións que adopten en calquera dos Concellos municipais contemplados no noso programa para a xestión e participación democrática da sociedade civil en asuntos de goberno, terán carácter vinculante para o conxunto dos concelleiros asinantes deste pacto de goberno.

2. Principios do Pacto de Goberno

- Todos os membros do goberno defenderán a acción do goberno fronte aos ataques da oposición, ou calquera grupo económico ou de interese.
- As discrepancias ou diferenzas resolveranse no seo do pacto de goberno.
- Unidade e Coordinación. Todos os membros do goberno estarán ao tanto da acción de goberno. Información recíproca. Reunión semanal de coordinación de todo o goberno. Facilitar a presenza conxunta (sen vetos) de membros do goberno nos actos das áreas doutros membros.
- Autonomía na xestión e respecto ás actuacións de cada quen (suxestións).

- Non chegar a acordos coa oposición por libre por parte de cada grupo. Os acordos aos que haxa que chegar serán de todo o goberno, formulando dende o goberno ás negociacións co grupo ou grupos da oposición que proceda.
- Evitar deslealdades no seo do goberno.

3. Prioridades que deben ter un especial impulso do goberno

- Servizos Sociais. Obxectivo de exclusión social cero para o que se incrementará a dotación económica necesaria e modificará o regulamento de emerxencia social incorporando os apartado excluídos na súa aprobación .
- Aprobación do PXOM e o Parque Empresarial da Lomba nas dúas primeiras fases de planeamento e de equidistribución, contempladas na aprobación inicial. Procurarase acadar o máximo consenso social e político para a aprobación do PXOM tendo en conta as alegacións.
- Descontaminación do río Tea. Eliminación de verteduras ilegais. Planificar todo o saneamento do rural e avanzar na súa construción.
- Reorientar o CDL como instrumento de promoción de emprego e de asesoramento de emprendedores.
- Dotar a Pontearreas, no seu conxunto, de vida cultural, deportiva e de ocio planificada, ampla e da calidade.
- Novos espazos públicos e de lecer, parques, xardíns, humanizacións, ..
- Servizos públicos básicos(dentro das competencias municipais). Ensino público, especialmente na etapa de cero a tres anos, e sanidade.

4. Liñas básicas de actuacións e obxectivos xerais para as distintas áreas de xestión.

En cada área fíxanse os obxectivos a acadar en base aos principios da acción de goberno e os medios cos que conta o Concello

1. EMERXENCIA E BENESTAR SOCIAL

Buscar o camiño para mellorar a dignidade dos nosos veciños, o seu benestar e o correcto exercicio dos seus dereitos e liberdades é a xustificación fundamental da actividade política municipal. Os movementos e reivindicacións que xorden na nosa

comunidade teñen que ser escoitadas e tidas en conta polo Goberno Municipal sen ánimo de empregalas para a súas finalidades partidistas.

O Goberno Municipal creará un Consello Social onde poidan participar todas as asociacións, ONG's, colectivos, partidos políticos e goberno municipal, para por en común a situación de necesidades sociais existentes no Concello, así como establecer prioridades, recursos, accións concretas a desenvolver e a coordinación necesaria para optimizar os recursos e implementar a eficacia na resolución das necesidades detectadas e demandadas polas familias mais desfavorecidas.

Todas as nosas accións irán encamiñadas a conseguir a exclusión social cero, co compromiso de retirar as contas do concello daquelas entidades financeiras que non colaboren coa administración local.

Reformaremos o regulamento de emerxencia social e incorporaremos criterios que cumpran os principios de transparencia no acceso aos servizos públicos, baremos sensibles á situación socioeconómica dos demandantes e vixilancia e denuncia na loita contra o fraude no acceso ós devanditos servizos.

O Goberno prestará un servizo de información, orientación e asesoramento de xeito directo e personalizado á cidadanía, sobre os dereitos e recursos sociais dispoñibles.

Ademais de esixir unha rede pública de asistencia sanitaria universal, gratuíta e de calidade, dende o Concello poñeranse en marcha iniciativas que complementen o benestar dos cidadáns.

Crear un Consello de Coordinación Social que dirixa a consecución dun pacto para a eliminación da pobreza e a exclusión social no noso concello. Elaboraremos un plan municipal integral de prevención e tratamento da drogadicción e enfermidades relativas as adicións de estupefacientes.

2. DEMOCRACIA PARTICIPATIVA VECIÑAL E TRANSPARENCIA

A transparencia e a participación veciñal teñen que ser as claves para mudar de forma radical o modelo de xestión do que é de todos e mellorar a nosa calidade de vida. Erradicar para sempre o escurantismo e as prácticas caciquís, que só producen atraso e deterioro social. Crear un Consello municipal e Consellos Parroquiais que sexan o canle de participación estable de todos os veciños na política municipal.

A transparencia na xestión municipal será o principio que rexa as actividades dos membros do goberno.

Elaboraranse as ferramentas necesarias para posibilitar a participación tanto dos veciños e veciñas como das asociacións veciñais na actividade do Concello.

O Goberno elaborará un Código Ético e de Bo Goberno que dirixa as relacións dos servizos municipais cos veciños e veciñas, e que tamén supoña un compromiso ineludible para calquera membro do Goberno Municipal.

Avaliaremos o cumprimento dos compromisos de transparencia subscritos.

3. ADMINISTRACIÓN

Cómpre sacar ao noso Concello do seu atraso é mellorar a xestión económica rematando coa propaganda e os despilfarros. Dende o Goberno elaboraremos un plan de saneamento económico que permita atender as débedas atrasadas a medio e longo prazo. Do mesmo xeito eliminaremos a utilización da contratación de persoal como pago de favores aos axentes electorais, e dotarémonos dun sistema de selección de persoal para garantir o cumprimento dos principios de publicidade, mérito, igualdade e capacidade no acceso ós postos de traballo do concello, para que os ponteareáns podamos ter unha correcta dotación dos servizos municipais.

A eficacia e a eficiencia serán dous criterios básicos na utilización dos recursos, o que nos vai permitir mellorar a xestión.

O Goberno Municipal será o garante dos principios de publicidade, mérito, capacidade e igualdade no acceso ós postos de traballo municipais e de organismos dependentes. Non toleraremos distincións entre xéneros nas condicións laborais e o salario dos traballadores e traballadoras.

Para un bo funcionamento da administración é indispensable elaborar un organigrama de departamentos e funcións.

Impulsaremos a Administración Electrónica.

O Goberno implantará un servizo de resposta, en 48-72 horas, para recollida de solicitudes de información, de suxestións, queixas e incidentes, e para información e asesoramento municipal.

4. DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO

Para o Goberno Municipal é indispensable a aprobación do PXOM xunto co Parque Empresarial da Lomba coas dúas primeiras fases de planeamento e equidistribución contempladas na aprobación inicial, o que nos vai permitir dispoñer de chan industrial onde podamos instalar empresas legalmente, favorecendo deste xeito a creación de postos de traballo, todo iso co máximo consenso social e político.

O Parque Empresarial da Lomba deberá acoller empresas e industrias sen emisións de contaminantes. Deberá contar asemade cunha estación depuradora de augas residuais de carácter industrial. Este parque empresarial será modelo de conciliación do desenvolvemento sostible, modelo de integración no seu medio e modelo de conciliación do desenvolvemento económico coa protección do medio ambiente sen prexuízo para as persoas nin para a biodiversidade nin para os recursos naturais na súa zona.

O Concello deberá garantir a presenza de Naves Modulares adaptadas a talleres e pequenas empresas. Tamén será necesario contar con Naves refuxio para que sexan utilizadas por novas empresas.

Daremos o impulso preciso ao sector servizos en Ponteareas. Cómpre ter unha Concellería de Comercio con dotación orzamentaria para poder desenvolver plans específicos para a dinamización da actividade comercial, plans específicos cuxas prioridades deberán ser consensuadas cos comerciantes e emprendedores.

O Goberno Municipal xunto coas asociacións de comerciantes e hostaleiros elaborará o Plan Estratéxico Comercial de Ponteareas, onde se recollerán os obxectivos a acadar, así como os mecanismos de avaliación.

Que o noso Concello sexa o núcleo principal de desenvolvemento da actividade laboral e profesional dos nosos veciños é o obxectivo principal para mellorar a calidade de vida de todos nós.

O Consello de Desenvolvemento económico ten que ser o motor da creación de emprego, no que participarán os representantes dos traballadores, empresarios, comerciantes, hostaleiros, partidos políticos e sectores sociais, que teña como obxectivo prioritario acadar un Pacto Local polo Emprego vertebrado na formación, na cooperación con empresas, comerciantes, hostaleiros e outras entidades económicas do noso entorno, no que se marque a actividade do CDL, se detecten as necesidades de produción e se elaboren plans de emprego e inversións para cubrilas.

Comezo cun programa de Viveiros de empresas, facilitando un espazo físico e un servizo de secretaría e comunicacións a novos emprendedores.

5. MEDIO RURAL

Coordinaranse todas as áreas do Goberno municipal para xerar un impulso especial dirixido ao asentamento da poboación nas áreas rurais do concello e mellorar a súa calidade de vida.

Levaremos a cabo programas de emprego verde e de desenvolvemento rural sostible.

Fomentaremos e desenrolaremos a agricultura ecolóxica e do sector forestal local co fomento de cooperativas e sociedades anónimas laborais.

Crearemos un plan de uso do solo no mundo rural que recupere as explotacións tradicionais.

O Goberno Municipal creará unha granxa-obradoiro municipal para fomentar o coidado cooperativo de animais en liberdade para autoconsumo ou para produción e distribución comercial.

Fomentaremos o turismo rural do noso Concello.

Promoveremos a creación dunha marca propia de Ponteareas para a elaboración e distribución de produtos autóctonos e ecolóxicos de alta calidade e incentivaremos o seu consumo na hostalería da comarca e a súa comercialización no noso entorno xeográfico.

6. ORDENACIÓN DO TERRITORIO, URBANISMO E INFRAESTRUCTURAS

Esta área será propicia para eliminar as prácticas caciquís e clientelares instauradas neste Concello dende hai trinta anos. As infraestruturas son consideradas un dereito dos cidadáns e unha obriga do Concello.

O Goberno Municipal asegurará a permanencia e potenciará a presenza de Servizos Públicos en Ponteareas, como referencia das comarcas do Condado e da Paradanta.

Poremos en valor o casco vello de Ponteareas para a súa rehabilitación, así como recuperar lugares e vivendas para diferentes usos.

Promoveremos o desenvolvemento do centro intermodal de transporte público e incluír a Ponteareas na rede de Transporte Metropolitano.

7. ENSINO

A escola ten que ser un lugar de aprendizaxe de contidos pero tamén de aprendizaxe de valores coma a solidariedade, a igualdade, o coidado do medio ambiente e a participación democrática entre outros.

Nestes tempos de recortes traumáticos no sistema educativo é unha obriga ineludible do Goberno Municipal poñer todos os medios ao seu alcance para atenuar as súas consecuencias.

O Goberno loitará por mellorar os actuais centros de ensino e defender o seu funcionamento.

Cómpre que a escola contribúa a conciliación da vida laboral e familiar de nais, pais e fillos.

Impulsaremos actuacións que permitan abordar a política de ensino dende unha visión integral, contribuíndo a unha maior interrelación escola-sociedade.

Activarase o Consello Escolar Municipal como órgano consultivo e de seguimento e respectarase as súas achegas para a acción de goberno en materia de ensino.

Fomentaremos as relacións interxeracionais entre os mais novos e as persoas maiores, potenciando a presenza duns nos espazos dos outros, promovendo así a aprendizaxe mutua.

8. PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE

Os edificios públicos deben ser pioneiros na defensa do medio ambiente, por iso, elaboraremos un plan de utilización de recursos enerxéticos propios e renovables, así como medidas de redución do consumo de enerxía eléctrica.

Promoveranse actividades de conservación e valores que teñan o medio ambiente natural e social como ámbitos esenciais dun desenvolvemento harmonioso das relacións humanas, en colaboración con asociacións culturais.

Fronte a degradación e o abandono actual dos espazos comúns temos que poñernos en marcha para incorporar un elevado nivel de calidade no noso entorno vital.

O Goberno Municipal promoverá a diversificación, recuperación do bosque e corredores verdes que contribúan á valorización do monte, incrementando o labor silvopastoril como método de control da vexetación e recurso económico.

É necesario a elaboración dun plan integral de saneamento para todas aquelas parroquias que aínda non o teñan.

Fomentaremos a adopción de animais en detrimento da compra e venda para por en valor a actitude respectuosa cos seres vivos.

9. IGUALDADE

O Goberno Municipal desenvolverá un Plan para a igualdade, cun compromiso activo na prevención e no tratamento da violencia de xénero.

Crearase unha Concellería de igualdade, que xestione áreas de traballo sobre os dereitos da Muller, liberdade sexual, inmigrantes, persoas con discapacidade, ... coa posta en marcha de diferentes programas.

Dende o Goberno reactivaremos o Centro de Información ás Mulleres.

É unha obriga do goberno municipal promover a creación e o desenvolvemento de programas e servizos dirixidos a facilitar a participación plena das mulleres, en igualdade de dereitos que os homes, calquera que sexa o seu estado civil, en toda a esfera política, económica, social e/ou cultural.

10. MOCIDADE

É fundamental dispor dun plan integral que acolla á xente nova para incorporar a súas iniciativas á política municipal, tamén de cara a prestar un apoio útil á súa formación para ofrecerlle oportunidades laborais, e, por suposto, levar a cabo conxuntamente un amplo programa de actividades de deporte, tempo libre e coñecemento. Creación dun Consello da Mocidade que promova e coordine a participación da xente nova na actividade política especialmente nas áreas que lles afecten.

O futuro da nosa vila está nos nosos mozos e mozas e por iso terán un peso importante nas políticas desenroladas polo Concello.

Modernizaremos a Biblioteca Municipal, converténdoa nun espazo dinámico e atractivo para a mocidade, ampliándoa con novas aulas de estudo e dotándoa de materiais en diversos soportes.

Reclamaremos á Xunta de Galicia o impulso á creación e mantemento de liñas de autobuses subvencionadas de carácter local ou comarcal, encamiñadas a facilitar a mobilidade da mocidade aos centros de estudo e zonas de lecer.

11. CULTURA

Concibir a política cultural municipal non só como un labor de difusión, mais como un conxunto en que debe ter cabida o apoio á creación, á produción propia, á investigación e ao asociacionismo cultural.

Contemplaremos a cultura dende diferentes áreas:

-Democracia: Apropiamiento da cidadanía do seu capital cultural, poder gozar do patrimonio, poñelo en valor e traballar para o seu coñecemento.

-Soberanos do noso: Recoñecemento e posta en valor do propio, unha política cultural verdadeiramente enraizada no país que contribúa de xeito crucial ao noso autoconhecimento e autoestima como pobo, que son bases esenciais para o desenvolvemento económico.

-Artes: Cidadás e cidadáns como creadores e receptores do facer cultural. Apoiar a creación e difusión da obra dos nosos artistas, tanto desde unha perspectiva histórica como actual.

-Festas e actividades lúdico-culturais: Apostar polas manifestacións culturais de tipo local e nacional nas festas populares.

-Artes musicais, conservatorio, escolas de música e locais de ensaio: Promover os grupos locais, facilitando espazos e incentivando a creación musical popular, tradicional e contemporánea.

-Biblioteca e Museo Municipal: Conformar a Biblioteca e o Museo municipais como unhas entidades con varios centros e dadoras de servizos ligados á lectura, promoción do libro e dos autores literarios do noso Concello, no caso da Biblioteca, e de todos os servizos ligados ao patrimonio material e inmaterial do noso Concello, para o Museo.

Ponteareas é actualmente un ermo cultural. Dende o Concello promoveremos actividades de carácter cultural periodicamente. Do mesmo xeito promoveremos tamén actividades lúdicas deportivas para favorecer o retorno económico.

Cómpre un recoñecemento das asociacións parroquiais como elementos humanos e de recursos, potenciando a promoción das súas actividades e actos.

Crearemos o Consello Municipal da Cultura, que será un órgano de participación, información, seguimento e propostas á xestión municipal no eido cultural.

Impulsaranse campañas en cooperación con asociacións que promovan o coñecemento cultural do medio natural e social histórico da nosa vila.

O Corpus é a festa grande do noso Concello, e require dun investimento en promoción eficaz que repercuta en todos os axentes sociais de Ponteareas.

Divulgar, publicitar e dar a coñecer o patrimonio musical de Ponteareas serán obxectivos esenciais. A música será un sinal de identidade da nosa vila.

12. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

É obxectivo deste Goberno cumprir e facer cumprir a Lei de Normalización Lingüística.

A lingua galega e un patrimonio noso, de todos os galegos, fixémola nós para nós e para todos os que a queiran utilizar con nós, perdela é perder o noso mellor sinal de identidade. As medidas dos sucesivos gobernos do PP levaron a unha alarmante perda de falantes de galego polo que é imprescindible conseguir un decidido avance neste ámbito desde as cámaras municipais.

Fomentaremos e poremos en valor o noso idioma.

Crearase unha Comisión de Cultura e Educación conxuntamente coa FANPO para a realización de actividades de normalización do idioma a través da acción cultural en centros educativos.

Levaremos a cabo o reforzamento da área política específica para a coordinación, planificación e desenvolvemento da política lingüística municipal.

13. DEPORTE

Ten que haber unha política municipal de desenvolvemento do exercicio físico e o deporte a todos os niveis da nosa poboación, con variedade e calidade como prevención de saúde pública e de encontro social. Tamén ten que haber unha política municipal de apoio ao deporte de competición cun plan elaborado conxuntamente coas asociacións deportivas do noso Concello.

Crearase o Consello Municipal de Deportes e a figura do Coordinador Deportivo, co obxectivo de potenciar, promover e completar as iniciativas xa existentes.

Existe unha importante masa social que son os auténticos protagonistas da actividade deportiva de Pontearreas. O deporte ten que servir para a promoción exterior da nosa vila e como atracción de visitantes.

Cómpre por en valor o deporte ponteareán colaborando tanto con asociacións como con iniciativas veciñais.

O Goberno Municipal colaborará cos clubs deportivos locais para fomento do deporte como exemplo de vida sá, e ademais promoverá a creación de novas escolas deportivas municipais con especial atención ao deporte feminino de base.

Atenderemos as necesidades específicas das persoas con discapacidade mediante o achegamento de programas de actividade física e deportiva e promoveremos programas de deporte específicos para maiores.

14. TRÁFICO E SEGURIDADE CIDADÁ

Melloraremos a relación dos veciños veciñas cos axentes encargados do tráfico e a seguridade, poñendo en valor a labor dos empregados municipais.

O Goberno Municipal estudará a viabilidade dun sistema de transporte público comarcal e dun servizo de microbús que comunique as parroquias co núcleo da vila, que, a maiores, incorpore elementos de accesibilidade a persoas con mobilidade reducida, posibilitando o seu desprazamento neste servizo

ESTRUTURA DO GOBERNO MUNICIPAL E AREAS DELEGADAS

Alcaldía: Xosé Represas Giráldez

Tenencias de Alcaldía:

1ª (PS de G - PSOE)

2ª (BNG)

3ª (PS de G - PSOE)

4ª (A RIADA DO TEA)

Composición da Xunta de Goberno:

3 membros do BNG, 3 membros do PS de G - PSOE, 1 membro de A RIADA DO TEA

Concellerías delegadas:

1. Facenda (xestión conxunta): titularidade BNG
2. Persoal (xestión conxunta): titularidade BNG
3. Urbanismo (xestión conxunta): titularidade PS de G – PSOE
4. Participación cidadá: titularidade BNG
5. Vías e Obras e alumeado público: titularidade PS de G - PSOE
6. Medioambiente. Recollida e xestión RSU, parques e xardíns, auga e saneamento: titularidade BNG
7. Benestar Social. Residencia de maiores, ASPRODICO, Escola infantil, Ludoteca e Igualdade: titularidade BNG
8. Desenvolvemento económico e emprego. CDL, polígono industrial e turismo: titularidade BNG
9. Comercio, hostalería e consumo: titularidade PS de G - PSOE
10. Seguridade Cidadá e Tráfico: titularidade PS de G - PSOE.
11. Cultura, Normalización Lingüística e Ensino: titularidade BNG.
12. Deporte: titularidade PS de G – PSOE.

13. Mocidade: titularidade BNG.
14. Sanidade e cemiterio: titularidade PS de G – PSOE.
15. Asistencia social. Emerxencia social, axuda a domicilio e dependencia: titularidade A RIADA DO TEA.
16. Medio rural: titularidade A RIADA DO TEA.
17. Novas tecnoloxías: titularidade PS de G – PSOE

Comisión de seguimento: 2 representantes de cada forza política.

Postas de acordo as tres forzas políticas nos compromisos contidos neste documento, asínase en Ponteareas (Pontevedra) a 12 de xuño do ano 2015.

Asinado	Asinado	Asinado
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO	PARTIDO DOS SOCIALISTAS GALEGOS P.S.O.E	A RIADA DO TEA